

- Inicio
- Institucional
- Investigación
- Actividades Académicas
- Cultura
- Alumnado
- Deportes
- Publicacións
- Opinión
- Axenda
- Quiosco
- Hemeroteca


Campus de Ourense

Campus de Pontevedra

Campus de Vigo

DUVI (2001-2007)

buscar...



Gassetia ten xa o seu segundo número a piques de saír á rúa

## A asociación CUCO dá os seus primeiros pasos cunha publicación de e para universitarios

Os seus membros reclaman maior participación do estudiantado en actividades asociativas



Os redactores nunha reunión de traballo

### Raquel Feijóo | Ourense

No pasado mes a abril, un grupo de estudantes da Facultade de Dereito puxeron en marcha o Comité Universitario do Campus de Ourense, CUCO, unha asociación universitaria "diferente, próxima ao alumnado e que represente os intereses de todos", como a definía neses días o seu presidente, Jonathan Domínguez. Unha meses despois o traballo destes rapaces dá os seus primeiros e moi proveitosos froitos en forma de publicación e bautizada como *Gassetia. A gaceta de CUCO*. Estes mozos comparten aula, pupitre e apuntes pero tamén inquedanzas e gafías de traballar para facer novas e interesantes cousas. Así, dende o primeiro momento, os obxectivos de CUCO centrábanse en expresar e representar a opinión dos alumnos en todo aquilo que lles afecte e promover iniciativas que inviten á participación activa dos estudantes na vida universitaria. Asesorar aos estudantes sobre os seus dereitos e deberes e organizar actividades culturais, de

lecer e deportivas son outros fins do colectivo. Na actualidade, o comité conta con oito socios, estudantes de Dereito e Turismo e con idades que se sitúan entre os 20 e os 25 anos. Jonathan Domínguez e María Álvarez, presidente e vicepresidenta respectivamente do colectivo, coinciden na necesidade de captar máis e novos socios que se impliquen cos fins do colectivo, pero ao tempo sinalan que non é unha tarefa doada. "Na actualidade, o asociacionismo universitario non pasa por un dos seus mellores momentos. É moi difícil conseguir novos socios. Sabemos que hai xente interesada en formar parte de CUCO, pero non chegan a dar o paso de unirse a nós", declaran. O seu obxectivo coa posta en marcha do Comité é moi claro. "Queremos que, algún día, esta asociación se converta nun referente no campus, tanto na organización de actividades como no que respecta á representación dos alumnos", sinalan.

### A gaceta de CUCO

Así son os promotores, a nova revista universitaria do campus de Ourense. O primeiro número de *Gassetia* saíu á rúa no mes de outubro e xa se están perfilando os contidos do que será o número dous. Detrás da idea, e organizando todo o traballo, atópanse Jonathan Domínguez e María Álvarez, dous estudantes de terceiro de Dereito que lle sacan horas ao estudo para dedicarllos ao xornalismo. "A finalidade da revista é a de facer unha especie de xornal con novas de actualidade que, a pesar da súa importancia, non se publican noutros medios. E tamén reservamos unha sección para a divulgación", declaran.

A gaceta ten unha periodicidade mensual e unha tirada de douscentos exemplares, que os propios redactores se encargan de repartir ás diferentes autoridades e nos diferentes edificios do campus. En canto ao número de páxinas, este vai variar en función dos contidos. Así, e mentres o número un contou con doce páxinas, no número dous esperan acadar as 20.

### Divulgación, novas tecnoloxías e actualidade

*Gassetia* conta cunha serie de seccións perfectamente definidas. A primeira é a *entrevista* a un personaxe de actualidade, "sexa ou non do campus, porque non queremos limitarnos só á vida universitaria", segundo matiza Jonathan. O director do Festival de Cine Internacional de Ourense, Enrique Nicanor, foi o protagonista da sección no primeiro número da revista. O xornal ten tamén un apartado dedicado á divulgación chamado *Profe Dixit*. Segundo explica Jonathan, "nós escollemos un tema de actualidade e pensamos na persoa máis adecuada para facer unha análise sobre o mesmo". Virxilio Vázquez, profesor da área de Dereito Penal da Universidade, analizará a reforma da Lei do aborto no segundo número da publicación. Non falta na revista a *editorial*, na que os promotores da iniciativa analizan algún tema de actualidade. Siguelles unha interesante sección, *Check...in*, feita por alumnos de programas de mobilidade internacional. "Queremos que nos conten cómo foi a súa chegada ao país de destino, cales foron as súas primeiras impresións, como é a vida alí... porque pensamos que pode ser unha información moi valiosa para outros estudantes que queiran ir estudar a ese mesmo lugar", explican. Finlandia foi o país protagonista do número un da revista. Italia será o do número dous.

A *caixa de Pandora* é unha sección que recolle unha miscelánea de moitos contidos, todos eles de actualidade. É o último paso antes de chegar a *Dalle ao Play*, unha sección dedicada ás novas tecnoloxías. Yaiza Ramos, tamén estudante de Dereito, é a encargada de darlle forma a este apartado da publicación, no que presenta unha análise dos últimos videoxogos que hai no mercado.

A *axenda cultural*, "coa que queremos achegar a cultura da cidade de Ourense aos alumnos do campus", e *Refresco e palomitas*, cos principais estreas do mes na carteleira do cine, pechan os contidos do xornal.

O custo de sacar á rúa o número un da revista foi de 80 euros, que financiaron cos fondos propios da asociación. "A partir do número dous queremos atopar financiamento privado, utilizando espazos publicitarios dentro da revista", declaran.